

INVESTIGACIÓN ■ A científica lidera, con só 36 anos, o equipo que descubriu a importancia dun movemento de ollos ata agora considerado un mero tic e que é responsable do 80 por cento da experiencia visual ■ A moza desenvolve actualmente o seu traballo no estado americano de Phoenix

Elixida Susana Martínez-Conde como Gallega del Mes de Marzo

Ten un currículo ategado de bolsas de excelencia e publicacións en revistas de tipo científico, e cheo tamén de moito esforzo

Redacción · Santiago

As microsacadas, un dos tres tipos de movementos de fixación visual do ollo humano, estaban ata hai pouco consideradas case un simple tic. Hoxe sábese que estes pequenos movementos involuntarios que viaxan en liña recta contrarrestan o esvaecemento visual durante a fixación e son responsables de ata o 80 por cento da experiencia visual. O achado fíxoos un equipo dos Estados Unidos liderado pola coruñesa Susana Martínez-Conde García, escollida Gallega del Mes de Marzo polo Grupo Correo Gallego en recoñecemento á súa sobresaliente achega científica pese á súa mocidade.

Susana Martínez-Conde dirixe desde xaneiro do 2004 este equipo do Instituto Neurolóxico Barrow de Phoenix, aínda que leva xa nove anos fóra de España. Os tres primeiros anos de carreira fíxoos no daquela aínda colexio universitario da Coruña, onde comezou Psicología. Os dous últimos, os da especialidade, cursounos na Universidade Complutense.

Foi tamén en Madrid onde iniciou a súa carreira investigadora, cunha bolsa de iniciación do Consello Superior de Investigacións Científicas. "Esta bolsa deume a oportunidade de me integrar no laboratorio de José Borrell, no Instituto Cajal, onde comezou a miña formación como neurocientífica", lembra. En 1992 licenciouse e obtivo o primeiro Premio Nacional de Terminación de Estudos. Volveu entón a Galicia e realizou a súa tese no laboratorio de Carlos Cuña, na Universidade de Santiago de Compostela (USC). Cinco anos despois, tras ler a súa tese, integrouse como posdoc no equipo do Premio Nobel David Hubel en Harvard (Boston). Catro anos máis tarde, en 2001, xa dirixía o seu propio laboratorio en Londres, onde permaneceu ata finais do 2003, cando recibiu a oferta do instituto Barrow.

Esta é, en resumo, a traxectoria da moza científica, cun currículo cheo de bolsas de excelencia e publicacións en revistas científicas. E de moito esforzo. "En investigación as horas acostuman ser máis importantes que a sorte", afirmaba Susana Martínez-Conde nunha entrevista concedida a este diario o pasado mes de febreiro.

Un traballo cuxos froitos, explica a científica, abren a posibili-



Susana Martínez-Conde García, no laboratorio do Instituto Barrow de Phoenix, en Estados Unidos



A científica coruñesa co seu equipo: Shannon Bentz (sentado), Thomas Dyar e a tamén investigadora Xoana González Troncoso, de Vigo

OUTRAS LIÑAS

A percepción do brillo e da forma

As microsacadas non son o único campo de traballo da investigadora galega Susana Martínez-Conde. No seu laboratorio leva tamén outras liñas de investigación paralelas. Interésanlle tamén os temas de consciencia visual, a percepción do brillo e da forma, a percepción das ilusións visuais e da arte.

de de determinar nunha serie de pacientes con problemas oftalmolóxicos e neurolóxicos en que medida as súas deficiencias visuais se poden deber a unha deterioración dos movementos de fixación.

"As nosas futuras investigacións centraranse, a curto prazo, en estender os nosos descubrimentos a pacientes clínicos e a medio-longo prazo en tentar desenvolver terapias que permitan restablecer a visión en pacientes con deficiencias neste tipo de movementos oculares", explica a científica galardoada polo Grupo Correo Gallego. ●

AS SÚAS METAS

Desentrañar as bases cerebrais da consciencia

A moza científica é natural da Coruña, onde estudou primeiro no desaparecido colexio das Josefinas e logo no instituto Eusebio da Guarda. "Recordo que asistín, como o resto da miña clase, a unha charla de Severo Ochoa, no cine Avenida. Non lembro gran cousa da charla en si, pero si que quedei moi impresionada", explica. Aínda que o seu primeiro contacto coa neurociencia foi ó estudar a Ramón y Cajal, "se cadra o neurocientífico máis importante da historia", opina. Del destaca o grande interese en desentrañar as bases cerebrais da consciencia, un gran misterio que lle encantaría resolver. "¿Como é posible que un grupo de células nerviosas, de neuronas, sexa responsable de xerar toda a nosa experiencia da realidade, a pesar de que estas neuronas de forma illada non son conscientes? Este é un dos misterios científicos máis importantes de todos os tempos e unha das miñas metas científicas máis ambiciosas", engade a científica.

PREVENCIÓN

■ Diagnostícanse 18.000 cada ano

Só un de cada tres cancros de pulmón se colle ó inicio

Só a terceira parte dos case 18.000 cancros de pulmón que cada ano se diagnostican en España se detectan nunha fase inicial, que permite atallalos a tempo e a supervivencia do 80 por cento dos pacientes cinco anos despois de coñecer a existencia deste carcinoma.

Así o explicou onte a oncológa médica do Hospital Universitario Ramón y Cajal de Madrid Pilar Garrido, quen acudiu a Córdoba á IX Reunión de consenso de tratamento oncolóxico desta patoloxía á que asisten máis de 150 especialistas de toda España co fin de elaborar un documento que unifique os protocolos de tratamento.

A experta indicou que cando o tumor se diagnostica nunha fase "totalmente avanzada" se pode tratar con quimioterapia, se ben só o 30% dos pacientes consegue sobrevivir tres anos.

Case dous terzos dos cancros de pulmón se detectan nunha fase avanzada, polo que os pacientes só conseguen sobrevivir un ano e con tratamento metastásicos. Ante "a altísima mortalidade", a experta insistiu na necesidade de seguir apostando pola prevención deste carcinoma que en nove de cada dez casos está causado polo tabaco. ● EFE

SOSPEITAN

■ O neno ingresou en Coidados Intensivos

Posible caso de meninxite nun pequeno en Cantabria

Un neno de 3 anos procedente de Castro Urdiales ingresou onte no hospital biscaíño de Cruces en situación "extremadamente grave" por causas que investigan as autoridades sanitarias, tras a morte dunha nena de 2 anos no municipio cántabro, que tamén se investiga para determinar se se se pode tratar dun caso de meninxite. O neno ingresou na Unidade de Coidados Intensivos do citado centro hospitalario e encóntrase "en situación de fallo multiorgánico, de etiología non aclarada e situación clínica extremadamente grave". Tamén a Dirección Xeral de Saúde Pública investiga as causas da morte dunha nena de 2 anos en Castro Urdiales para determinar se se trata de meninxite. ● EFE